ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

Concello de Vigo
Expte. 5615/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 13/2026

SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE SETEMBRO DE 2026

ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** Ordinaria do 7 de setembro de 2026.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

2. Solicitude de compatibilidade. Expediente 49419/220. (Expte. Pleno 5604/1101).

Mocións:

3. Moción do grupo municipal do BNG en apoio á transferencia a Galiza e á gratuidade da autoestrada AP-9. Expte. 5619/1101.

4. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a adopción de medidas relacionadas coa financiación de voos dende o aeroporto de Vigo. Expte. 5621/1101.

5. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas cós recursos humanos nos centros educativos de Vigo. Expte. 5622/1101.

6. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas coa sanidade. Expte. 5623/1101.

7. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas referidas á presa de Eiras. Expte. 5624/1101.

8. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas referentes ás residencias públicas para maiores. Expte. 5625/1101.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

PARTE DE CONTROL

Mocións.

9. Moción do grupo municipal do Partido Popular para garantir a preparación de Vigo ante a visita da FIFA para avaliar a candidatura ao mundial 2030. Expte. 5620/1101.

Resolucións.

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/08/26 e o 18/09/26, incluídas no Expte. Pleno 5618/1101.

11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 21/08/26 e o 18/09/26, incluídas no Expte. Pleno 5617/1101.

12. Formulación de rogos.

13. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.ª del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martín Peña, Jose Miguel
Sánchez Méndez, Mª Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos (09:10) do día vinte e oito de setembro do ano dous mil vinte e seis (28/09/26), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(147). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 7 DE SETEMBRO DE 2026.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete (27) membros que constitúen a Corporación, o seu número legal de dereito, apróbase a seguinte acta,

- Sesión núm. 12/2026 ordinaria, celebrada o 07/09/26.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(148). SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE. EXPEDIENTE 49419/220. (EXPTE. PLENO 5604/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de setembro de 2026, o técnico de Admón. Xeral co conforme da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, da concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e do concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (delegación temporal das competencias previamente atribuidas a Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal por Resolución de Alcaldía de data 26.08.2026.), emite o seguinte informe proposta,

«**ANTECEDENTES**

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do 22.04.2022, nomeouse como funcionario de carreira con cargo a praza vacante de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos incluida na OEP 2017-2018-2019 a D. X. Paz Salgado con DNI *** 1832**. A toma de posesión tivo lugar con data 10 de maio de 2022.

II.- Por acordo do Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 28 de setembro de 2022 acorda estimar a solicitude de autorización da compatibilidade ao

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

funcionario de carreira X. Paz Salgado, enxeñeiro de camiños, canais e portos, adscrito á Área de servizos xerais, coa actividade de profesor asociado a tempo parcial P04 na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais.

III.- Na data 21.07.2026 X. Paz Salgado solicita autorización de compatbilidade coa actividade de profesor asociado a tempo parcial con dedicación P04 na ETS de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña.
Tal solicitude se xustifica no cambio de situación laboral, debido a Resolución Reitoral de data 15.07.2026 pola cal se acorda resolver a convocatoria da praza número 26/2052 na categoría de Profesor/a Asociado/a outorgando a referida praza a X. Paz Salgado.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público.

O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público vén definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coa aprobación do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estando incluído no seu ámbito de aplicación o persoal funcionario e o persoal laboral, en calquera das modalidades legalmente previstas (artigo 2.2 da norma específica indicada).

A Lei 53/1984 distingue por unha parte o réxime propio das incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas e por outro con actividades privadas.

En relación coas incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas, a Lei establece a regra xeral de non compatibilidade do posto público con " el desempeño, por si o mediante sustitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma " (artículo 1.1); que o desenvolvemento de posto público " será incompatible con el ejercicio de cualquier puesto, cargo o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia" (artículo 1.3) e que o desempeño de posto público " es incompatible con la percepción de la pensión de jubilación o retiro por Derechos Pasivos o por cualquier régimen de Seguridad Social público y obligatorio " (artigo 3.2).

A Lei establece o réxime de retribución única, dispoñendo que "no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en la Ley, más de una remuneración con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos o Empresas de ellas dependiente o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel, ni ejercer opción por percepciones correspondientes." (artigo 1.2).

Non obstante, o artigo terceiro desta lei establece a posibilidade de desempeñar un segundo posto de traballo nos supostos previstos na mesma para as funciones docente e sanitaria.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

Para o exercicio da segunda actividade esíxese a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non suporá a modificación da xornada de traballo e horario dos postos de traballo e se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos.

A autorización de compatibilidade esixe o cumprimento dos seguintes requisitos e límites:

1.- A autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade do sector público, que, no ámbito da Administración Local, corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. (artigo 9)

2.- Que non supoña modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e se condiciona ao estrito cumprimento en ambos. (artigo 3.1)

3.- Que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeneral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

– Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.

– Un 35 por 100, para os funcionarios do grupo B ou persoal de nivel equivalente.

– Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.

– Un 45 por 100, para os funcionarios do grupo D ou persoal equivalente.

- Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo E ou persoal equivalente.

A superación de estos límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das Comunidades Autónomas ou Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo. (artigo 7).

II.- Desempeño da segunda actividade de docente universitario

No artigo cuarto da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, admítese a posibilidade de autorizar a compatibilidade para o desempeño do posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior ao tempo parcial.

Neste caso, a solicitude do interesado corresponde a un posto de traballo na ETS de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, na categoría de Profesor Asociado, con vínculo de persoal laboral fixo tras a superación do concurso correspondente, e con dedicación a tempo parcial. Esta actividade atópase como dentro das posibilidades que a lei permite autorizar a compatibilidade.

Por último, é necesario mencionar que a redacción orixinal da lei soamente permitía o desempeño dun segundo posto de traballo na esfera docente como Profesor Universitario en caso de que o réxime fora de duración determinada. Na redacción actual, froito da modificación aprobada na Disposición Final Primeira da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario elimina este requisito.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

III.- Cumprimento do horario en ambos postos de traballo

No artigo terceiro da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas condiciona o desempeño do segundo posto ao cumprimento do horario en ambos postos de traballo.

Segundo o certificado aportado polo interesado os horarios nos cales prestará servizos na ETS de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña son integramente en horario de tarde.

Segundo as instrucións sobre xornada e horarios de traballo en réxime de ausencias do persoal ao servizo do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15.02.2013, no seu artigo 3 establece: "A distribución da xornada semanal realizarase en xornada continua de mañá, sendo o horario fixo de presenza no posto de traballo será de 9,00 a 14,30h para todo o persoal municipal con carácter xeral.

O tempo restante ata completar a xornada laboral semanal realizarase en horario flexible, entre as 7.30h e as 9h, e entre as 14.30h e as 20:30h de luns a venres."

Do anterior, pódese recoñecer a compatibilidade en horarios de ambos postos de traballo.

IV.- Cumprimento do límite de remuneración

No artigo sétimo da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece como requisito para autorizar a compatibilidade que esta non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral, nin a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinario, incrementada un 30% para os funcionarios do grupo A.

A última lei de orzamentos xerais do estado é a lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

No artigo 21.Dos da presente lei de orzamentos a retribucións establecidas para o posto de traballo de Director Xeral e asimilados son:

- Salario base: 16.983,40 euros (15.237,60 + 1745,8).

- Complemento de destino: 18.722,20 euros (16.047,60 + 2674,60).

- Complemento específico: 27.763,20 euros.

- Total anual: 63.468,80 euros.

- Total anual incrementado en 30 %: 82.509,44 euros.

O posto de traballo (código posto de traballo 1.01.316) ocupado polo interesado ten as características seguintes: subgrupo A1, nivel de complemento de destino 26, complemento específico 680. As retribucións asociadas a este posto de traballo no ano 2026 son:

- Salario base: 18.358,98 euros.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

- Complemento de destino: 12.227,32 euros.

- Complemento específico: 22.285,62 euros.

- Antigüidade: 2.119,80 euros

- Total: 54.991,72 euros.

Segundo o certificado expedido polo Servizo de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Coruña, as retribucións anuais asociadas a posto de traballo de profesor asociado con dedicación a tempo parcial PO4 son de 7.879,44 euros. O total ascende a 62.871,16 euros o cal non supera o límite de retribucións.

V.- Sobre a incompatibilidade absoluta

O réxime retributivo vixente dos empregados municipais regúlase nas "Instrucións para a aplicación do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello" aprobadas polo Pleno en sesión de data 28.12.1998 segundo o seu apartado XX todos os postos desempéñanse en réxime de dedicación exclusiva.

Sen embargo, o artigo 24.b do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, relativo as retribucións complementarias estas retribúen a "incompatibilidade exigible para el desempeño de determinados puestos de trabajo."

Na actualidade a xurisprudencia considera que para que un posto de traballo poda verse afectado por incompatibilidade debe ser identificado na Relación de Postos de Traballo:

"La asignación de un complemento específico por un motivo concreto ha de identificar su razón de ser en la correspondiente Relación de Puestos de Trabajo para poder ser calificado como factor de incompatibilidad." (STS 1684/2019 de 05 de decembro de 2019.)

A RPT actual do Concello de Vigo atópase publicada no BOP de Pontevedra do 11.12.2025, número 237, no cal o posto de traballo ocupado polo interesado non ten identificado factor de incompatibilidade.

Por outro lado, o artigo dezaseis.3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, exceptuase a prohibición anteriormente referida en caso de que a autorización teña como obxecto o exercicio de Profesor universitario asociado.

VI.- Fiscalización previa

Non é sometido o expediente a Fiscalización previa e, a Intervención xeral, debido a que non se xeran obrigas de contido económico para a facenda local segundo o previsto nos artigos 214 do texto refundido da lei de Facendas locais (TRLFL), aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 16 do Real Decreto

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

424/2017, do 28 de abril, polo que regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público (RDCI).

VII.- Órgano competente

A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.»

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21.09.26, ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Non se realizaron intervencións neste punto da orde do día.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: vinte e catro (24); dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO

Con vinte e catro votos (24) a favor, dos membros do grupo municipal Socialista (19), e dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), e tres (3) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

PRIMEIRO.- Estimar, en atención ao Informe proposta que antecede, a solicitude de autorización da compatibilidade ao funcionario X. Paz Salgado, enxeñeiro de camiños, canais e portos**,** adscrito á Área de servizos xerais, coa actividade de profesor asociado a tempo parcial P04 na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais.

SEGUNDO.- A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo, nin afectar ao seu horario, nin superar as retribucións brutas anuais por ambos dous postos dos limites reseñados.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

Contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

***.- Incidencia.** Sendo as nove horas e doce minutos (09:12), en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

***.- Incidencia.** Sendo as 09:15 horas, ausentase do Salón de Plenos o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

MOCIÓNS:

3.(149). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO Á TRANSFERENCIA A GALIZA E Á GRATUIDADE DA AUTOESTRADA AP-9. EXPTE. 5619/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2026, número 5619/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EN APOIO Á TRANSFERENCIA A GALIZA E Á GRATUIDADE DA AUTOESTRADA AP-9

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 31 de xullo o BOE publicou a lei de transferencia da AP-9 a Galiza. Estamos diante dun fito histórico: o logro dunha demanda que durante máis de 20 anos foi rexeitada e boicoteada polo goberno central. Despois de moitas tentativas que non chegaron a bo porto, o Congreso aprobou a lei de transferencia a Galiza da titularidade e a xestión sobre a principal infraestrutura do noso País, unha autoestrada que conecta as principais áreas urbanas do Eixo Atlántico desde Ferrol a Tui, os portos e os aeroportos.

Temos que lembrar que este acordo histórico contou co voto en contra do PP e Vox, unha vez máis unidos dicindo non a unha reivindicación histórica de Galiza.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

Agora que por fin é unha realidade a lei de traspaso da autoestrada, vemos con preocupación como a Xunta do PP e Rueda pretenden boicoteala con artimañas.

Primeiro, intentando enganar a cidadanía sobre o contido da lei aprobada: o que di a lei é que as consecuencias das decisións aprobadas pola administración xeral do estado terán que ser asumidas pola administración xeral do Estado. Polo tanto, será o goberno central quen terá que asumir as consecuencias dunha eventual anulación da prórroga (concedida polo PP de Aznar), que foi declarada ilegal pola Comisión Europea. Galiza non vai pagar un euro por esta e por outras decisións adoptadas polo Goberno central mentres tivo a titularidade e xestión da AP-9.

E segundo, pedindo unha comisión bilateral co Estado pola transferencia da AP-9 que só se explica por unha razón: a intención de presentar un recurso no Constitucional contra a transferencia da autoestrada.

O presidente da Xunta segue o guión que lle mandan de Xénova. Ten ordes de boicotear a transferencia e utiliza o goberno da Xunta para ir contra os intereses de Galiza. Rueda e o PP poden intentar atrancar e adiar a transferencia con artimañas e enredos, mais non van impedir que Galiza xestione directamente a autoestrada.

A transferencia da AP-9 é sen dúbida un acto de xustiza e un gran avance para o autogoberno de Galiza. Mais non podemos conformarnos con este gran logro. Precisamos unha AP-9 galega e unha AP-9 gratuíta. Unha AP-9 libre das peaxes abusivas e inxustas aprobadas no ano 2000, mediante unha prórroga de 25 anos que a Comisión Europea xa dixo que era ilegal e que hai que anulala.

E diante desta situación hai dúas vías para conseguir a liberación das peaxes. Unha é a aberta pola Comisión Europea co Ditame que chega á conclusión de que a prórroga concedida por Aznar (tamén a anterior do PSOE) vulnera a normativa de contratacións e concesións da UE. Ante a negativa do goberno central a aceptar este Ditame, o previsíbel é que a Comisión Europea leve o tema ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) que terá que determinar se a prórroga se fixo conforme a normativa europea. O que leva a agardar durante anos por unha resolución.

A outra é máis rápida e máis directa. Consiste en que o goberno central revise (de oficio) o acordo polo que se aprobou a prórroga, o anule e asuma a xestión directa e, por tanto, a gratuidade da autoestrada. Ten o camiño aberto cos argumentos do Ditame da Comisión Europea, que deixa claro que a prórroga vulnerou varias directivas comunitarias que estaban en vigor naquela altura.

A vía da revisión e anulación da prórroga xa foi solicitada no noso País pola asociación de transportistas da Coruña APETANCOR, que ante a negativa do goberno central presentou un recurso no Tribunal Supremo. Esta vía tamén foi apoiada polo goberno de Asturias, que tamén presentou unha solicitude de revisión de oficio da prórroga, cos mesmos argumentos que os utilizados por APETANCOR.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

Para reforzar esta petición, é moi importante que todas as institucións galegas a apoien. Nomeadamente o noso concello, polo que pasa a AP-9 e afectado directamente polas súas peaxes.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Manifestar o compromiso firme do Concello de Vigo en prol da liberación completa de peaxes da AP-9 no obxectivo irrenunciábel de atinxirmos unha autoestrada galega, pública e gratuíta, demandando das administracións competentes que adopten todas as medidas necesarias para facelo realidade.

2. Solicitar ao Goberno galego que apoie e non boicotee a transferencia da AP-9 a Galiza, de maneira que se poida efectivizar no prazo máis breve posíbel, garantindo tal como recolle o texto aprobado que sexa o Goberno central quen asuma todas as consecuencias derivadas das decisións que adoptou no tempo en que tivo a titularidade e a xestión da autoestrada.

3. Dirixirse ao Goberno central demandando que revise de oficio e anule a prórroga de 25 anos da concesión da AP-9, atendendo aos argumentos feitos públicos pola Comisión Europea que establece que a citada prórroga contravén a normativa europea de servizos. E instar a Xunta de Galiza a se expresar e actuar nos mesmos termos."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de setembro de 2026, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5619/1101 co número de documento 260263461.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 24 de setembro de 2026, a concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico 5619/1101 co número documento 260264164.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, poñente da moción, non acepta as emendas de substitución formuladas polo voceiro do grupo municipal Socialista (doc. 260263461) nin polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular (doc. 260264164*).*

VOTACIÓN:

•*Votos a favor*: vinte e un (21); dezaoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións*: Non houbo.

ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.26 (Rex. Nº 5619/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*En apoio á transferencia a Galiza e á gratuidade da Autoestrada AP-9"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

4.(150). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS COA FINANCIACIÓN DE VOOS DENDE O AEROPORTO DE VIGO. EXPTE. 5621/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2026, número 5621/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Aeroporto de Vigo constitúe unha infraestrutura estratéxica para a cidade, para a súa área metropolitana e para o conxunto da provincia de Pontevedra. A súa conectividade aérea ten unha incidencia directa sobre a actividade económica, o turismo, a internacionalización das empresas e a capacidade de Vigo para competir con outras cidades e áreas urbanas.

O Concello de Vigo vén defendendo desde hai anos unha política activa de captación de rutas para Peinador e reclamando a implicación económica das restantes administracións públicas. O Pleno do Concello de Vigo xa se pronunciou reiteradamente neste sentido, reclamando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a súa participación económica na captación de novas conexións aéreas e defendendo un modelo no que Concello, Xunta e Deputación compartan o esforzo económico necesario para conseguilas.

A realidade do mercado aéreo demostra que a apertura de novas rutas se atopa estreitamente vinculada a accións económicas de promoción e comercialización asociadas ás conexións. Os contratos de publicidade e promoción turística vinculados

ás compañías aéreas constitúen un dos instrumentos utilizados polas administracións para favorecer a implantación e consolidación de novas rutas.

A propia Xunta de Galicia recoñece a utilización de recursos públicos para accións de promoción turística vinculadas a novas conexións aéreas. O Goberno autonómico sostén formalmente que estas actuacións non constitúen financiamento directo de voos, senón promoción turística en orixe. Porén, desde a perspectiva de Vigo, o determinante é que se están utilizando recursos públicos autonómicos vinculados á captación e promoción de conexións aéreas.

O Concello de Vigo vén reclamando que calquera utilización de recursos públicos autonómicos relacionada directa ou indirectamente coa captación, establecemento, promoción ou consolidación de rutas aéreas se realice con absoluta transparencia e sen discriminación entre os aeroportos galegos.

Esta esixencia resulta especialmente necesaria en relación co Aeroporto de Santiago. Vigo reclamou reiteradamente coñecer as cantidades, contratos, convenios e destinatarios dos fondos autonómicos destinados á promoción turística e publicidade asociadas ás conexións aéreas que operan desde Santiago.

Por iso resulta imprescindible que a Xunta de Galicia faga públicos, de forma íntegra, os convenios, contratos, acordos, protocolos ou calquera outro instrumento xurídico e económico que manteña co Concello de Santiago de Compostela, con compañías aéreas, entidades turísticas ou outros operadores, cando teñan por obxecto ou efecto a promoción, captación, implantación ou consolidación de rutas aéreas desde o aeroporto compostelán.

Vigo reclama igualdade de trato. Se existen recursos autonómicos para favorecer mediante publicidade, promoción turística ou outros mecanismos económicos a conectividade aérea de Santiago, eses mesmos instrumentos deben estar dispoñibles, en condicións equivalentes, para o Aeroporto de Vigo.

A esta reivindicación engádese outra demanda reiteradamente formulada pola cidade. A Xunta de Galicia concede anualmente ao Concello de Santiago de Compostela unha achega específica derivada da súa condición de capital de Galicia. Fronte a isto, Vigo vén reclamando que a Xunta recoñeza tamén mediante unha achega económica específica a singularidade da cidade máis poboada de Galicia e o seu extraordinario peso económico, industrial e social.

Nesa liña, o Concello de Vigo reclamou unha achega autonómica anual de 9 millóns de euros, demanda que xa foi obxecto de pronunciamentos favorables neste Pleno.

Nas actuais circunstancias, esa reivindicación adquire unha nova dimensión estratéxica: o Concello de Vigo destinaría eses 9 millóns de euros a unha política de captación e consolidación de novas rutas aéreas para o Aeroporto de Vigo, utilizando os instrumentos xuridicamente procedentes de promoción, publicidade e contratación que permitan competir en igualdade de condicións no mercado aéreo.

Unha achega destas características permitiría desenvolver unha estratexia ambiciosa e estable para recuperar e ampliar a conectividade de Peinador, reforzando destinos nacionais e promovendo novas conexións internacionais de especial interese para a economía e a proxección exterior de Vigo.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

Vigo non reclama privilexios. Reclama transparencia, igualdade de trato e que os recursos da Comunidade Autónoma contribúan tamén a potenciar a conectividade aérea da cidade máis poboada de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS

- Instar a Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a pagar un terzo do custo dos voos que se contraten desde o aeroporto de Vigo mediante o sistema de publicidade en compañías, do mesmo xeito que se fai en Santiago.

- Instar á Xunta de Galicia a que non aplique un criterio en Santiago e na Coruña e outro distinto en Vigo para a consecución de voos que operen no aeroporto da cidade.

- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a asinar un convenio co Concello de Vigo, comprometéndose a financiar cada unha delas un terzo de cada un dos voos que se contraten mediante o sistema de publicidade en compañías."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 24 de setembro de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico 5621/1101 co número doc. 260264400.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 25 de setembro de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico 5621/1101 co número doc. 260264563.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polo voceiro do grupo municipal do BNG (doc. 260264400) nin pola voceira do grupo municipal do Partido Popular (doc. 260264563).

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezaoito (18), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* oito (8); cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez,

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezaoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2026 (Rex. Nº 5621/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *"Instando a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a adopción de medidas relacionadas coa financiación de voos dende o aeroporto de Vigo",* e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.(151). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS CÓS RECURSOS HUMANOS NOS CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO. EXPTE. 5622/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2026, número 5622/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O curso escolar 26-27 comezou en Vigo cunha realidade que os equipos directivos, o profesorado e as familias coñecen ben, centros que teñen que comezar facendo equilibrios para cubrir necesidades que deberían estar previstas e resoltas antes do primeiro día de curso.

Mentres a Xunta de Galicia presenta cada ano cifras globais de redución de alumnado e incremento de profesorado, a realidade que viven os centros é, en demasiados casos, ben diferente.

Falamos de aulas, de profesores e profesoras, de especialistas, de orientación, de atención á diversidade, de infraestruturas, e, en definitiva, do dereito do alumnado vigués a recibir unha educación con recursos suficientes.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Esixirlle á Xunta de Galicia que garanta, de xeito inmediato, todos os recursos humanos necesarios nos centros educativos públicos vigueses, evitando que ningún centro teña que iniciar ou continuar o curso cunha dotación de persoal inferior ás súas necesidades reais.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

- Instar á Consellería de Educación , Ciencia, Universidades e Formación Profesional a cubrir con carácter inmediato todas as vacantes e substitucións pendentes nos centros públicos da cidade, todas, pero especialmente aquelas que afecten á atención directa ao alumnado.

- Reclamar un reforzo específico dos recursos destinados á atención á diversidade, incluíndo Orientación Educativa, Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, coidadores e demáis profesionais especializados.

- Reclamar á Xunta de Galicia un plan específico de mellora dos centros educativos públicos de Vigo, con presupostos asignados e calendario de actuacións inmediato."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 24 de setembro de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico 5622/1101 co número doc. 260264403, nos seguintes termos.

- Instar a Xunta de Galiza a adoptar, con carácter urxente, todas as medidas necesarias para resolver as incidencias detectadas no servizo de transporte escolar nos centros educativos públicos da cidade.

- Instar a Consellaría de Educación a reforzar, de maneira inmediata, a Escola de Educación Infantil Vila Laura coa praza de docente de apoio que vén de ser suprimida de maneira arbitraria e inxusta comprometendo o adecuado funcionamento do centro e a atención educativa do alumnado.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 24 de setembro de 2026, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Benavides Alonso, formula emenda de engádega que consta no expediente electrónico 5622/1101 co número doc. 260263353.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, poñente da moción, acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (doc. 260264403) e non acepta a emenda de engádega formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular (doc. 260263353).

VOTACIÓN DA EMENDA DO GM DO BNG:

•*Votos a favor*: vinte e un (21); dezaoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

•*Abstencións*: Non houbo.

ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezaoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra do grupo municipal do Partido Popular, acórdase incorporar a emenda de adición formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular (doc. 260263353) ao texto da moción.

VOTACIÓN DA MOCIÓN EMENDADA:

•*Votos a favor*: vinte e un (21); dezaoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións*: Non houbo.

ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezaoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2026 (Rex. Nº 5622/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, coa adición dos parágrafos da emenda presentada polo concelleiro do BNG, Sr. Pérez Igrexas, quedando o seguinte texto:

- "Esixirlle á Xunta de Galicia que garanta, de xeito inmediato, todos os recursos humanos necesarios nos centros educativos públicos vigueses, evitando que ningún centro teña que iniciar ou continuar o curso cunha dotación de persoal inferior ás súas necesidades reais.

- Instar á Consellería de Educación , Ciencia, Universidades e Formación Profesional a cubrir con carácter inmediato todas as vacantes e substitucións pendentes nos centros públicos da cidade, todas, pero especialmente aquelas que afecten á atención directa ao alumnado.

- Reclamar un reforzo específico dos recursos destinados á atención á diversidade, incluíndo Orientación Educativa, Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, coidadores e demáis profesionais especializados.

- Reclamar á Xunta de Galicia un plan específico de mellora dos centros educativos públicos de Vigo, con presupostos asignados e calendario de actuacións inmediato.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

- Instar a Xunta de Galiza a adoptar, con carácter urxente, todas as medidas necesarias para resolver as incidencias detectadas no servizo de transporte escolar nos centros educativos públicos da cidade.

- Instar a Consellaría de Educación a reforzar, de maneira inmediata, a Escola de Educación Infantil Vila Laura coa praza de docente de apoio que vén de ser suprimida de maneira arbitraria e inxusta comprometendo o adecuado funcionamento do centro e a atención educativa do alumnado."

***.- Incidencia.** Durante o debate do asunto da orde do día seguinte e sendo as 10:42 horas, incorpórase ao Salón de Plenos o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia dos vinte e sete (27) concelleiros que constitúe o número legal de membros da Corporación.*

6.(152). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS COA SANIDADE. EXPTE. 5623/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2026, número 5623/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Estamos ante unha crise sen precedentes da sanidade en Vigo, por iso é necesario insistir permanentemente ata que a Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias en materia sanitaria, reaccione e de resposta ás necesidades reais que teñen os vigueses e as viguesas en materia sanitaria.

Non podemos aceptar que a poboación de Vigo vexa limitado o seu dereito a unha atención sanitaria pública de calidade como consecuencia da insuficiencia de medios humanos e materiais.

Tampouco podemos considerar suficiente unha valoración positiva da situación actual da sanidade galega cando persisten problemas que afectan directamente á atención que reciben os pacientes e ás condicións nas que os profesionais sanitarios desenvolven o seu traballo.

A planificación e dotación adecuada de recursos resulta especialmente necesaria nunha cidade como Vigo, que precisa dunha estrutura sanitaria dimensionada de acordo coas súas necesidades presentes e futuras.

Os profesionais sanitarios realizan diariamente un esforzo extraordinario para garantir a atención á cidadanía, pero non pode facerse recaer sobre eles a responsabilidade de compensar de xeito permanente as carencias de planificación e de recursos.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

A problemática afecta aos distintos niveis asistenciais. Na atención primaria persisten problemas de cobertura de prazas, saturación dos centros e dificultades para garantir unha atención adecuada. Na atención continuada, a presión asistencial esixe igualmente unha resposta en materia de recursos humanos e organización. E no ámbito hospitalario resulta necesario abordar as necesidades das urxencias, a dispoñibilidade de camas e as listas de espera de consultas, intervencións cirúrxicas e probas diagnósticas.

E a pesar das veces que demandamos neste pleno unha resposta á Xunta de Galicia, nin houbo resposta, nin existiu acción algunha para liquidar a situación.

Por iso, resulta necesario expor unha actuación integral que permita abordar as necesidades da sanidade pública viguesa desde a planificación, a dotación de recursos humanos, a ampliación de infraestruturas e a redución das demoras asistenciais.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Instar a Xunta de Galicia a cubrir de xeito inmediato todas as prazas vacantes existentes nos centros de saúde de Vigo.
2. Instar a Xunta de Galicia a cubrir de xeito inmediato todas as prazas vacantes existentes no Punto de Atención Continuada (PAC) de Vigo.
3. Instar a Xunta de Galicia a elaborar no prazo dun mes, un plan de cobertura das ausencias temporais, que se produzan nos centros de saúde ou no PAC como consecuencia de por baixas médicas, permisos, e vacacións.
4. Instar a Xunta de Galicia a elaborar no prazo de 3 meses un plan de coberturas das vacantes que se poidan producir por xubilación a curto e medio prazo nos centros de saúde e no PAC de Vigo, coa finalidade de anticiparse ás necesidades de persoal e evitar a perda de capacidade asistencial.
5. Instar a Xunta de Galicia a elaborar no prazo de 3 meses un plan que contemple a creación de novos centros de atención primaria incluíndo a apertura do centro de saúde do Nicolás Peña. Devandito plan debe contemplar planificación temporal e financiamento das actuacións.
6. Instar a Xunta de Galicia a dar resposta inmediata á saturación que sofre o centro de Saúde Olimpia Valencia.
7. Instar a Xunta de Galicia a elaborar no prazo de 3 meses un plan que contemple a creación de novos puntos de atención continuada en Vigo. Devandito plan debe contemplar planificación temporal e financiamento das actuacións.
8. Instar a Xunta de Galicia a que adquira un compromiso de que as camas existentes nos hospitais públicos do Area Sanitaria de Vigo, non se pechen nin un só día do ano.
9. Instar a Xunta de Galicia a cubrir de xeito inmediato, todas as prazas vacantes existentes no servizo de urxencias do Hospital Alvaro Cunqueiro.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

10. Instar a Xunta de Galicia a elaborar, no prazo máximo de 2 meses, un plan específico de reforzo das urxencias hospitalarias do Area Sanitaria de Vigo que permita responder adecuadamente os incrementos de demanda asistencial, especialmente durante a tempada estival e os períodos de mor incidencia de afeccións respiratorios e do virus da gripe.
11. Instar a Xunta de Galicia a elaborar, no prazo de 3 meses, un plan específico que contemple as medidas necesarias para rebaixar as listas de espera de cirurxías, consultas externas e probas diagnósticas que ao 31 de decembro de 2025 situábanse para a área sanitaria de Vigo en 73,9 días, 61,9 días, 117,9 días respectivamente.
12. Instar a Xunta de Galicia a que publique de xeito inmediato os datos actualizados das listas de espera correspondentes ao 30 de xuño de 2026, así como a información relativa ás listas non estruturais do Area sanitaria de Vigo."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 24 de setembro de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Igrexas, formula emenda de engádeda que consta no expediente electrónico 5623/1101 co número doc. 260264404.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (doc. 260264404).

VOTACIÓN:

•*Votos a favor*: vinte e dous (22); dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra*: Non houbo.

•*Abstencións*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con vinte e dous (22) votos a favor, dos membros do grupo municipal Socialista (19) mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2026 (Rex. Nº 5623/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, *"Instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas coa sanidade",* e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

7.(153). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS REFERIDAS Á PRESA DE EIRAS. EXPTE. 5624/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2026, número 5624/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A presa de Eiras constitúe unha infraestrutura esencial para o abastecemento de auga de Vigo e de boa parte da súa área metropolitana. O seu correcto mantemento e funcionamento resulta, polo tanto, determinante para garantir un servizo público básico que atende a máis de 400.000 persoas de Vigo, Cangas, Moaña, Redondela, Soutomaior, O Porriño, Mos, Salceda de Caselas e Vilaboa.

Desde xaneiro de 2023, Augas de Galicia asumiu a xestión, conservación e mantemento da presa. No marco acordado entre as administracións, a operación das válvulas de toma corresponde ao servizo municipal de abastecemento, mentres que o seu mantemento e conservación corresponde a Augas de Galicia. Esta distribución de funcións foi obxecto de discrepancias públicas entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, pero non altera a necesidade de garantir en todo momento a seguridade e plena operatividade dunha infraestrutura crítica.

En novembro de 2025 fíxose pública a existencia de problemas en dúas das catro válvulas reguladoras da presa. O 18 de novembro, a propia Xunta recoñeceu deficiencias en dúas das catro válvulas e expuxo a necesidade dunha actuación que incluía un sistema alternativo de abastecemento para poder intervir sobre elas sen interromper o servizo.

En decembro de 2025, Augas de Galicia decidiu ampliar a intervención á substitución das catro válvulas de toma. A actuación de emerxencia foi cifrada pola Xunta en preto de 2,3 millóns de euros e incluía, ademais da substitución das válvulas, a reposición das bases de formigón, a renovación do sistema de cables e a posta en servizo dos equipamentos asociados.

Para executar estes traballos construíuse un sistema provisional de bombeo e canalización —bypass— que permitise baleirar e illar a torre de toma mantendo o abastecemento. O 30 de decembro de 2025, a delegada territorial da Xunta en Vigo anunciou publicamente que a previsión era ter rematada a obra a finais do primeiro trimestre de 2026.

Porén, o 23 de abril de 2026 a propia Xunta informou de que o que estaba completado era a instalación de válvulas provisionais. Nesa mesma comunicación afirmou que estas válvulas provisionais "garantizan plenamente o abastecemento sen riscos" e anunciou que as válvulas definitivas, aínda en proceso de fabricación, serían instaladas a finais de verán.

Deste xeito, o calendario inicialmente anunciado sufriu unha modificación relevante: dunha previsión de finalización da obra a finais de marzo pasouse, en abril, a manter

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

un sistema provisional e a situar a instalación das válvulas definitivas a finais do verán.
No mes de agosto xurdiron novas discrepancias sobre a capacidade real do sistema, xa que as válvulas provisionais non permitían atender demandas máis alá de 1.100 litros por segundo, cando as necesidades de Vigo e a súa área poden acadar puntas de consumo de 1.250 litros por segundo.

A Xunta de Galicia recoñeceu problemas nas válvulas provisionais instaladas, e o 13 de agosto fixeron unha reparación nas mesmas, con interupción temporal do submnistro dende Eiras. Tras estes traballos, a Xunta comunicou ao servizo municipal que non se deberían manipular as válvulas provisionais instaladas, tendo que regular o caudal empregando as vellas válvulas. Unha situación que levou ao noso alcalde a cualificar politicamente a xestión realizada como unha "chapuza", reclamando unha solución definitiva.

Cómpre precisar que, a día de hoxe, non consta publicamente unha explicación técnica de Augas de Galicia que permita coñecer as incidencias detectadas nas válvulas e determinar a situación operativa actual de cada elemento.

Tampouco consta unha comunicación pública que detalle a culminación e plena operatividade das catro válvulas definitivas, anunciada primeiro para finais de marzo, logo para finais do verán, e xa no outono non sabemos cando pretenden finalizar os traballos.

Tratándose dunha infraestrutura crítica para o abastecemento de Vigo e da súa área, resulta imprescindible coñecer con exactitude que se executou, que elementos están actualmente en funcionamento, que problemas técnicos se detectaron, que caudal pode garantir o sistema nas distintas condicións de operación, que parte do investimento foi executada e cando quedará definitivamente rematada e plenamente operativa a actuación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO. Instar á Xunta de Galicia e a Augas de Galicia a resolver de maneira inmediata e definitiva os problemas existentes no sistema de válvulas da presa de Eiras, garantindo a súa plena operatividade, seguridade e capacidade de subministración para atender as necesidades de Vigo e dos restantes municipios abastecidos desde o encoro.

SEGUNDO. Instar á Xunta de Galicia a remitir ao Concello de Vigo un informe técnico completo e actualizado sobre a actuación executada desde novembro de 2025, identificando para cada válvula o seu estado inicial, as actuacións realizadas, as datas de retirada ou substitución, as válvulas provisionais instaladas, a eventual instalación das definitivas, as incidencias detectadas que obrigaron a reparar as válvulas instaladas, as probas efectuadas e a súa situación operativa actual.

TERCEIRO. Instar á Xunta de Galicia a garantir que, mentres non estea plenamente rematada a solución definitiva, as medidas provisionais adoptadas aseguren en todo momento a continuidade e suficiencia do abastecemento de Vigo e da súa área, con especial atención aos períodos de maior demanda e aos episodios de seca.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

CUARTO. Instar á Xunta de Galicia e a Augas de Galicia a manter unha coordinación técnica permanente co Concello de Vigo e co servizo municipal de abastecemento, trasladando de forma inmediata calquera incidencia que afecte á presa, ás válvulas, aos caudais dispoñibles ou á seguridade do subministro."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor*: vinte e dous (22); dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións*: Non houbo.

ACORDO:

Con vinte e dous (22) votos a favor, dos membros do grupo municipal Socialista (19) mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2026 (Rex. Nº 5624/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, *"Instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas referidas á presa de Eiras",* e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:03 horas, auséntanse do Salón de Plenos a Sra. Lago Barreiro e a Sra. Rodríguez Calviño, concelleiras do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

8.(154). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS REFERENTES ÁS RESIDENCIAS PÚBLICAS PARA MAIORES. EXPTE. 5625/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2026, número 5625/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Xunta de Galicia ven de presentar, a 8 meses das elección municipais, o denominado Plan Residencias, que consiste na construcción de 25 residencias en toda Galicia. Trátase da reiteración do anuncio xa realizado polo Presidente Rueda o 23 de abril de 2025, no debate do Estado da Autonomía, pero con cambios substanciais.

Daquela Rueda falaba da construcción de 25 residencias públicas en municipios de menos de 50.000 habitantes, namentras que agora se anuncia que as ditas residencias serán en colaboración público-privada e que , alomenos, o 60% serán públicas. Tamén hai outra cambio substancial e que agora se "seleccionan" concellos de menos de 25.000 habitantes.

Destas 25 residencias, 23 dos concellos "elixidos" para o seu emprazamento, están gobernados polo Partido Popular, é dicir, o 92%. Malia afirmar que se tiveron en conta criterios como o avellentamento ou a demografía, unha somera análise dos concellos seleccionados non resiste eses argumentos falaces. Por exemplo, o Concello de O Porriño é o quinto concello de Galicia coa poboación máis nova.

O límite de 25.000 habitantes, exclúe de partida a Vigo e deixa sen efecto criterios como a demanda, o avellentamento, o déficit de prazas públicas ou o desarraigo.

O Consello de Contas advertía xa hai unha década dun déficit residencial que, respecto á referencia o 5% que recomenda a OMS, de praza residencial por cada 100 persoas maiores de 65 anos, xa arrobada un déficit de 12.800 prazas e agora, a Xunta de Galicia, unha década despois saca peito co anuncio de 1800 prazas para toda Galicia.

Vigo conta con 71.715 persoas maiores de 65 anos e ten un déficit histórico de prazas residenciais. de feito, conta ca peor ratio de prazas residencias de toda Galicia. Tanto é así que en Vigo no existen prazas disponibles o que provoca que as persoas maiores estean sendo desarraigadas da súa contorna para ser ingresadas en residencias a máis de 170 kilómetros de distancia e case dúas horas de traxecto de ida e dúas de volta, co que iso significa tamén para as familias.

E abandonar Vigo a estas idades non significa simplemente cambiar de residencia. Significa afastarse dos seus fillos e fillas, dos seus netos e netas, dos seus veciños, do seu barrio, do seu centro de saúde e, en definitiva, da contorna social e afectiva no que construíron toda unha vida.

Por iso resulta especialmente contraditorio que a Xunta invoque precisamente a proximidade e a prevención do desarraigamento entre os argumentos para xustificar a implantación de novas residencias e, ao mesmo tempo, non garanta ese mesmo principio ás persoas maiores que viven en Vigo, que están a ser afastadas a centos de kilómetros da cidade.

O desarraigamento non depende do tamaño do concello. Unha persoa de 85 anos que vive en Vigo ten exactamente a mesma necesidade de permanecer preto dos seus fillos, dos seus afectos e da súa contorna que unha persoa da mesma idade que reside nun concello de menos de 25.000 habitantes.

A atención residencial debe planificarse atendendo ás necesidades reais da poboación, á demanda existente, ao envellecemento e á dispoñibilidade efectiva de prazas, de

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

maneira que as persoas poidan recibir os coidados que necesitan sen ter que romper os seus vínculos familiares e comunitarios.

O obxectivo debe ser inequívoco: ningunha persoa maior de Vigo debería verse obrigada a abandonar a súa cidade pola ausencia dunha praza residencial pública. Envellecer con dignidade tamén significa poder seguir vivindo preto de quen forma parte da túa vida.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista, propón que o Excmo. Pleno da Corporación Municipal, adopte os seguintes

ACORDOS:

- Demandar á Xunta de Galicia que a planificación de novas residencias públicas para persoas maiores se realice en función de criterios obxectivos de demanda, avellentamento, dependencia, déficit de prazas públicas e necesidades reais de cada territorio.

- Instar á Xunta de Galicia a facer públicos os datos do número de persoas con dependencia recoñecida que están actualmente en Vigo á espera dunha praza residencial pública.

- Instar á Xunta de Galicia a facer público o dato de cantas persoas maiores de Vigo foron trasladadas no último ano a residencias fóra da cidade e mesmo fóra da provincia e a qué distancia.

- Instar á Xunta de Galicia a aceptar a oferta realizada no seu día polo Concello de Vigo de cesión de terreos para a construcción dunha residencia pública, oferta que nunca foi aceptada e que se proceda a dotar nos orzamentos do ano 2027 unha partida específica que asuma este compromiso."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 24 de setembro de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5625/1101 co número doc. 260264405, nos seguintes termos.

- Esixir do Goberno galego que aprovisione no proxecto de orzamentos do vindeiro exercicio 2027 unha partida con dotación económica suficiente para a elaboración e execución dun proxecto para a construción de, como mínimo, unha residencia de maiores de titularidade e xestión integramente pública, efectivizando a promesa reiterada polo executivo desde o ano 2009.

- Demandar da Xunta de Galiza o despregamento de recursos adicionais para a mellor atención da poboación maior da cidade de Vigo, nomeadamente o aumento de prazas públicas de centro de día e a creación de recursos intermedios como vivendas comunitarias e asistidas.

- Instar á Xunta de Galiza a desistir do fracasado modelo de forzar o uso compartido de centros residenciais, como CRAPD de Vigo, misturando persoas dependentes e maiores con persoas (mesmo menores de 65 anos) con

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

trastornos psiquiátricos, de adiccións e de conducta, asegurando a adecuada atención con medios específicos, recursos e dotacións diferenciadas para os diferentes colectivos tal e como reclaman as organizacións sindicais e aplicando o criterio técnico de adecuación do recurso ao perfil asistencial.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Aguiar Castro, poñente da moción, acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (doc. 260264405).

VOTACIÓN DA EMENDA:

•*Votos a favor:* vinte (20); dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* non houbo.

•*Abstencións:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17) mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, acórdase incorporar a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (doc. 260264405) ao texto da moción.

VOTACIÓN DA MOCIÓN EMENDADA:

•*Votos a favor:* vinte (20); dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* non houbo.

•*Abstencións:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17) mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

Aprobar a Moción presentada, en data 23.09.2026 (Rex. Nº 5625/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, coa adición dos parágrafos da emenda presentada polo concelleiro do BNG, Sr. Pérez Igrexas, quedando o seguinte texto:

- "Demandar á Xunta de Galicia que a planificación de novas residencias públicas para persoas maiores se realice en función de criterios obxectivos de demanda, avellentamento, dependencia, déficit de prazas públicas e necesidades reais de cada territorio.

- Instar á Xunta de Galicia a facer públicos os datos do número de persoas con dependencia recoñecida que están actualmente en Vigo á espera dunha praza residencial pública.

- Instar á Xunta de Galicia a facer público o dato de cantas persoas maiores de Vigo foron trasladadas no último ano a residencias fóra da cidade e mesmo fóra da provincia e a qué distancia.

- Instar á Xunta de Galicia a aceptar a oferta realizada no seu día polo Concello de Vigo de cesión de terreos para a construcción dunha residencia pública, oferta que nunca foi aceptada e que se proceda a dotar nos orzamentos do ano 2027 unha partida específica que asuma este compromiso.

- Esixir do Goberno galego que aprovisione no proxecto de orzamentos do vindeiro exercicio 2027 unha partida con dotación económica suficiente para a elaboración e execución dun proxecto para a construción de, como mínimo, unha residencia de maiores de titularidade e xestión integramente pública, efectivizando a promesa reiterada polo executivo desde o ano 2009.

- Demandar da Xunta de Galiza o despregamento de recursos adicionais para a mellor atención da poboación maior da cidade de Vigo, nomeadamente o aumento de prazas públicas de centro de día e a creación de recursos intermedios como vivendas comunitarias e asistidas.

- Instar á Xunta de Galiza a desistir do fracasado modelo de forzar o uso compartido de centros residenciais, como CRAPD de Vigo, misturando persoas dependentes e maiores con persoas (mesmo menores de 65 anos) con trastornos psiquiátricos, de adiccións e de conducta, asegurando a adecuada atención con medios específicos, recursos e dotacións diferenciadas para os diferentes colectivos tal e como reclaman as organizacións sindicais e aplicando o criterio técnico de adecuación do recurso ao perfil asistencial."

PARTE DE CONTROL

***.- Incidencia.** Sendo as 11:05 horas, incorpóranse ao Salón de Plenos a Sra. Lago Barreiro e a Sra. Rodríguez Calviño, concelleiras do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia dos vinte e sete (27) concelleiros que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

MOCIÓNS.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

9.(155). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA GARANTIR A PREPARACIÓN DE VIGO ANTE A VISITA DA FIFA PARA AVALIAR A CANDIDATURA AO MUNDIAL 2030. EXPTE. 5620/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2026, número 5620/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración do Mundial de Fútbol 2030 supón unha oportunidade histórica sen precedentes para a nosa cidade. Formar parte das once sedes elixidas pola FIFA en España para acoller este acontecemento de primeiro orden non só situaría á nosa cidade no escaparate deportivo internacional proxectando a marca Vigo, senón que tamén actuaría como motor de dinamización económica, turística e de infraestruturas do que se beneficiarán as vindeiras xeracións de vigueses.

O éxito desta candidatura de cidade esixe unha planificación rigorosa e, por riba de todo, dunha total cooperación entre as institucións que se teñen comprometido a colaborar neste proxecto estratéxico.

Con todo, a unhas semanas de que se produza a transcendental visita da delegación da FIFA encargada de avaliar e decidir definitivamente sobre a candidatura viguesa, descoñecemos cal é o grao de cumprimento das esixencias requiridas, non só no que atinxe ás obras que faltan no estadio municipal de Balaídos, sen un proxecto e calendario claro de finalización, senón tamén ao resto de requisitos vencellados co proxecto, caso dos centros de adestramento, aparcadoiros ou conexións de acceso ao estadio.

A responsabilidade do Concello de Vigo é máxima, dado que a candidatura é municipal e debe garantir que toda a loxística, infraestruturas e compromisos asumidos estean á altura do solicitado, acorde cun evento desta magnitude, para acadar a súa elección.

Neste senso, unha vez concluída a avaliación do comité técnico internacional, as conclusións tense que reflectir nunha folla de ruta clara é pública para asegurar que Vigo chegue a tempo e nas mellores condicións posibles á cita de 2030.

Vigo non pode permitirse improvisacións nin poñer en risco a súa elección por un déficit de planificación ou por atrasos na execución de proxectos cruciais. É o momento de actuar, entre todos, coa máxima transparencia, rigor técnico e lealdade institucional, garantindo que os compromisos se reflictan en plans construtivos, orzamentos definidos e prazos executables de xeito urxente.

Por todo iso o grupo municipal do PP propón a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

1.- Instar ao Goberno local a elaborar, antes da visita da FIFA a Vigo, un informe actualizado sobre o grao de cumprimento dos requisitos e compromisos recollidos na candidatura da cidade ao Mundial 2030.

2.- Que o informe detalle calquera modificación que se producise desde a presentación da candidatura, con especial detalle no previsto ao calendario de obras no estadio municipal de Balaídos e nos centros de adestramento.

3.- Que para cada actuación que estea pendente se estableza un prazo previsto de elaboración de proxectos construtivos, execución de obra, investimento estimado e fontes de financiamento.

4.- Que, unha vez realizada a visita da FIFA, o goberno local publique no Portal de Transparencia do Concello de Vigo as observacións trasladadas pola delegación internacional e presente un calendario para dar resposta ás cuestións que queden pendentes."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de setembro de 2026, a voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico 5620/1101 co número de doc. 260263472.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, poñente da moción, non acepta a emenda de substitución formulada polo voceiro do grupo municipal Socialista (doc. 260263472).

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Votos en contra:* dezanove (19), dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.

•*Abstencións:* tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, dezanove (19) votos en contra, dos membros do grupo municipal Socialista e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.09.2026 (Rex. Nº 5620/1101) pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, "*Instando ao Goberno Local a garantir a preparación de Vigo ante a visita da FIFA para avliar a candidatura ao Mundial 2030.*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

10.(156). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 21/08/26 E O 18/09/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5618/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/08/26 e o 18/09/26, incluídas no expediente 5618/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

11.(157). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 21/08/26 E O 18/09/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5617/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros/as delegados/as ditadas entre o 21/08/26 e o 18/09/26, incluídas no expediente 5617/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

12. FORMULACIÓN DE ROGOS.

12.1.(158). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Reiterar que se axilice a resolución e abono das bolsas municipais de comedor, libros de texto e material escolar, para que este curso non volva haber crianzas que non acudan ao comedor por non saber se as súas familias contan con esa axuda económica».

O Presidente responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

12.2.(159). Rogo formulado pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez. «Que o concello escoite o rexeitamento dos veciños de Barreiro ao macroparque canino que este goberno municipal pretende construir na zona e por tanto reconsidere substituílo por unha grande área noutro punto da cidade de non menos de 3.000 metros cadrados con todas as comodidades e servizos que necesitan

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

os cans e os seus donos, aconllendose á proposta lanzada pola Xunta de Galicia para financialo, tal e como xa fixeron o resto de cidades galegas, sendo Vigo, unha vez máis, a única que se desmarcou».

O Presidente responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

13. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

13.1.(160). Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro «¿Que medidas vai adoptar, e en que prazo, o Goberno municipal para evitar que continúe habendo centos de persoas na cidade en situación de senfogarismo ou en risco de desafiuzamento sen alternativa habitacional digna e estábel, para desta maneira facer efectivo o dereito á vivenda?».

O Presidente responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

13.2.(161). Pregunta formulada pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez. «¿Adoptou ou ten pensado adoptar este goberno municipal algunha medida coa empresa encargada de montar as luces e a decoración do Nadal despois de que numerosos veciños denunciasen a imposibilidade de durmir debido aos insoportables ruidos que están a provocar de madrugada interrompendo o seu dereito ao descanso?».

O Presidente responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

```
Asunto     : Pleno ordinario Setembro 2026
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano     : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 28 de Septiembre de 2026 09:10:39
Fecha Fin  : Lunes, 28 de Septiembre de 2026 12:02:31
Duración   : 02:51:52

- HTML
-------------------------------------------------------------------------------
https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3690


- Media (MASTER)
-------------------------------------------------------------------

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.2 GiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/XwSESV679nZ8tGk240CCFE4YNWQ7dfMxYUtahXL9i
tvrRNSP.wmv
SHA512 - 3bb2a4821e063ca923efdd4db95cd2050878123a2e26bbd56564747269f3d3a0b249603
0a9071f36923715c7a1002ba1f7192a5479bdce6b4fbfaacdd14bbd21
```

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

- Media (PROXYS)
---

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.0 GiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/aI6wlD9JrO9BmXpEYfcj9fdEAwVs3yBt3p2dlTSOyhL6i0iq.mp4
SHA512 - 7ab99c6e2fd1d50dc2fa988491e474d1419a2dcfa0cc9b4fbd05c30c2e07ff1dcd73b4b282e21bead5426d46436622bb31b719d3da36bb8594e73c9c8aa290d3

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.ª del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Maluel; Iglesias López, Patricia; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier; Remoto;
00:00:38 - Caballero Álvarez, Abel

00:01:02 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 7 de setembro de 2026.

00:01:11 : 2. Solicitude de compatibilidade. Expediente 49419/220. (Expte. Pleno 5604/1101).
00:01:45 - Votación [9:12:23]
00:02:11 - Minuto de silencio en memoria das víctimas de violencia machista

00:03:25 : 3. Moción do grupo municipal do BNG en apoio á transferencia a Galiza e á gratuidade da autoestrada AP-9. Expte. 5619/1101.
00:03:47 - Pérez Iglesias, Xabier
00:08:44 - Caballero Álvarez, Abel
00:08:50 - Martín Peña, José Miguel
00:13:35 - Caballero Álvarez, Abel
00:13:41 - López Font, Carlos
00:18:43 - Caballero Álvarez, Abel
00:18:51 - Pérez Iglesias, Xabier
00:21:55 - Caballero Álvarez, Abel
00:22:09 - Caballero Álvarez, Abel
00:22:29 - Votación [9:33:07]

00:23:03 : 4. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a adopción de medidasrelacionadas coa financiación de voos dende o aeroporto de Vigo. Expte. 5621/1101.
00:23:19 - López Font, Carlos
00:28:22 - Caballero Álvarez, Abel
00:28:31 - Pérez Iglesias, Xabier
00:33:32 - Caballero Álvarez, Abel
00:33:36 - Sanchez Mendez, Luisa María
00:38:41 - Caballero Álvarez, Abel
00:38:48 - López Font, Carlos
00:40:38 - Caballero Álvarez, Abel
00:40:56 - López Font, Carlos
00:41:50 - Caballero Álvarez, Abel
00:51:56 - Votación [10:02:37]

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

Documento asinado

00:53:15 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas cós recursos humanos nos centros educativos de Vigo. Expte. 5622/1101.
00:53:34 - Alonso Suarez, María Olga
00:58:39 - Caballero Álvarez, Abel
00:58:45 - Abalde Comesaña, Filipe
01:03:50 - Caballero Álvarez, Abel
01:04:01 - Benavides Alonso, Daniel
01:09:13 - Caballero Álvarez, Abel
01:09:20 - Benavides Alonso, Daniel
01:09:24 - Alonso Suarez, María Olga
01:11:13 - Caballero Álvarez, Abel
01:11:17 - Alonso Suarez, María Olga
01:12:30 - Caballero Álvarez, Abel
01:12:45 - Votación [10:23:26]
01:13:14 - Votación [10:23:58]

01:13:41 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas coa sanidade. Expte. 5623/1101.
01:14:03 - Espinosa Mangana, Elena
01:19:07 - Caballero Álvarez, Abel
01:19:14 - Martínez Piñeiro, Ana
01:24:10 - Caballero Álvarez, Abel
01:24:14 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:29:03 - Caballero Álvarez, Abel
01:29:15 - Espinosa Mangana, Elena
01:32:09 - Caballero Álvarez, Abel
01:32:23 - Votación [10:43:02]

01:32:57 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas referidas á presa de Eiras. Expte. 5624/1101.
01:33:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:38:28 - Caballero Álvarez, Abel
01:38:32 - Pérez Iglesias, Xabier
01:43:35 - Caballero Álvarez, Abel
01:43:39 - García González, Patricia
01:48:16 - Caballero Álvarez, Abel
01:48:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:51:33 - Caballero Álvarez, Abel
01:51:40 - Votación [11:02:22]

01:52:08 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas referentes ás residencias públicas para maiores. Expte. 5625/1101.
01:52:31 - Aguiar Castro, Yolanda
01:57:26 - Caballero Álvarez, Abel
01:57:33 - Pérez Iglesias, Xabier
02:02:41 - Caballero Álvarez, Abel
02:02:45 - Gonzalez Abeijón, Fernando
02:07:44 - Caballero Álvarez, Abel
02:07:50 - Aguiar Castro, Yolanda
02:10:54 - Caballero Álvarez, Abel
02:11:10 - Votación [11:21:49]
02:11:42 - Votación [11:22:27]

02:12:18 : 9. Moción do grupo municipal do Partido Popular para garantir a preparación de Vigo ante a visita da FIFA para avaliar a candidatura ao mundial 2030. Expte. 5620/1101.
02:12:33 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:17:36 - Caballero Álvarez, Abel

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - (JOSÉ VILLÁN FUERTES) 26/10/2026 15:07:29 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 28/10/2026 09:48:20

02:17:40 - Pérez Iglesias, Xabier
02:22:45 - Caballero Álvarez, Abel
02:22:56 - López Font, Carlos
02:27:56 - Caballero Álvarez, Abel
02:28:02 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:31:01 - Caballero Álvarez, Abel
02:45:42 - Votación [11:56:25]

02:46:26 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/08/26 e o 18/09/26, incluídas no Expte. Pleno 5618/1101.

02:46:43 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/asdelegados/as, ditadas entre o 21/08/26 e o 18/09/26, incluídas no Expte. Pleno 5617/1101.

02:46:55 : 12. Formulación de rogos.
02:47:09 - Abalde Comesaña, Filipe
02:47:35 - Caballero Álvarez, Abel
02:48:15 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:49:07 - Caballero Álvarez, Abel

02:49:21 : 13. Formulación de preguntas.
02:49:29 - Martínez Piñeiro, Ana
02:49:51 - Caballero Álvarez, Abel
02:50:31 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:50:51 - Caballero Álvarez, Abel
02:51:35 - Caballero Álvarez, Abel

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e dous minutos (12:02) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 13/2026, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2026.
/sc

A PRESIDENCIA
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villán Fuertes

Documento asinado